

OFERTA DE EMPREGO (05/2019)

Queres traballar no Laboratorio de Bases de Datos?

Somos un grupo de investigación con sede na Facultade de Informática (FIC) da Universidade da Coruña (UDC) e queremos ampliar o noso equipo con persoas de diferentes perfiles que queiran desenvolver a súa carreira profesional e/ou investigadora con nós. Na actualidade precisamos

Titulad@s universitari@s en Informática (Enxeñeir@s, Graduat@s, ...)

para desenvolver traballos de programación, deseño de software e análise de requisitos, no marco de proxectos innovadores e/ou de investigación financiados en convocatorias públicas que lidera o noso grupo.

En todo caso, as persoas que estean a cursar os últimos cursos do Grao en Enxeñaría Informática ou do MUEI/Xeoinformática, que queiran empezar a traballar xa e facer o seu TFG/TFM con nós, son moi benvidas.

Ofrecemos salarios moi competitivos que variarán en función do perfil e responsabilidades de cada persoa. Os primeiros contratos terán unha duración de ano e medio, prorrogable.

Que buscamos e que valoramos?

Buscamos persoas que teñan:

- **Formación e/ou experiencia nestas tecnoloxías:** PostgreSQL, PostGIS, Hibernate, Spring, Angular, servizos REST, Android SDK, etc. que queiran subirse ao noso tren da formación continua e ao noso interese por afrontar retos novos.
- **Habilidades en comunicación oral e escrita.** Buscamos persoas que saiban transmitir as súas ideas de forma clara e efectiva, que sexan capaces de facer unha redacción coherente e sen erros ortográficos (en cantas máis linguas mellor).
- **Sentido da responsabilidade e o compromiso.** Traballamos en equipo e por proxectos, polo que é importante colaborarmos entre nós (non competirmos) e coordinarnos para que todo saia tan ben como o planificamos.

Como é traballar no noso grupo?

- **Planificamos a carreira profesional** de cada quen segundo os seus intereses e habilidades facilitando a realización dun mestrado da FIC (MUEI, Xeoinformática, ...) e/ou doutoramento en horas de traballo.
- Temos **flexibilidade real de horario:** traballamos por obxectivos e con datas límite para que cada quen poida administrar como queira/precise a maior parte do seu tempo.
- Consideramos imprescindible a **conciliación coa vida persoal e familiar:** coidar o tempo persoal, de lecer e atención á familia, parécennos fundamental para levar unha vida plena e ser produtivos durante o tempo de traballo.
- Queremos gozar do traballo ao tempo que conseguimos os obxectivos. Fomentamos o **compañeirismo e o apoio mutuo.**

Como nos podes facer chegar a túa candidatura?

Prepara un CV coa túa formación, experiencia e intereses e envíanolo ao **endereço ccao@lbd.org.es** (Carmen). Manteremos esta oferta aberta até o **31 de maio de 2019**. Revisaremos todas as candidaturas que cheguen e contactaremos coas persoas elixidas para pasar á seguinte fase de selección (entrevista).

Durante este período, podes consultar calquera cuestión que che xurda nos teléfonos 881011243 (Nieves) ou 881011249 (Ángeles), e obter máis información sobre nós en <http://lbd.udc.es>.